

IES Tomiño.

Obradoiro de Creación literaria.

Impartido por: José Luis Grande Grande

Días: 24 de abril e 8, 15, 22 e 29 de maio

Horario: 12,50 a 14,30

Curso: 3º de ESO

Nº de alumnos/as: 10

Proxecto de Traballo

24 de abril:

Presentación mutua de profesor e alumnado tentando crear unha situación de confianza e auto-estima que animen ao desenvolvemento das cualidades literarias que todos podemos ter. Para isto farei un inquérito con varias preguntas establecendo un dialogo no que as alumnas e alumnos deberán manifestar as súas inquietudes e as súas posibilidades literarias.

Pedireilles que traían algo escrito para o 8 de maio.

8 de maio:

Analizaremos os escritos que traen feitos e veremos os coñecementos literarios que cada quen ten, enfocándoos cara o galego, lingua que coñecen suficientemente e mesmo falan ou poden falar en calquera lugar do seu entorno.

Tentaremos comezar a escribir algo en serio, que continuarán para o traeren roáis elaborado o 15 de maio,

15 de maio:

Situaremos a literatura galega na historia e no mundo, para que vexan que escribir en galego pode ser tan válido como en calquera outra lingua de estado. Revisaremos os escritos feitos e continuaremos coas creacións literarias.

22 de maio:

Relacionaremos a cultura galega coa portuguesa, especialmente a literatura, nunha zona como esta, na que o alumnado vive, estando unicamente separados de Portugal polo río Miño, neste momento fácil de cruzar por unha ponte que liga Tomiño e Vilanova de Cerveira.

Corrixiremos as creacións feitas e continuaremos ou comezaremos a súa primeira grande obra para a vernos o último día.

29 de maio:

Procuraremos que sexa o gran día en que elas e eles se sintan escritoras/es galegas/os. Isto fará que se consideren capaces de fricaren algo que ,aínda que tiñan as cualidades, non se atrevían a facer.

En Chapela, a 18 de abril de 2006

Asdo.: José Luís Grande Grande